

FASE SECTOR CAMPIONATO DE ESPAÑA ABSOLUTO DE JUDO LUGO - SÁBADO 19 DE FEBREIRO DE 2011-

A SELECCIÓN GALEGA DE JUDO, CON UN TOTAL DE 11 OUROS, 6 PRATAS E 6 BRONCES DOMINA CON SUPERIORIDADE O SECTOR OESTE DO CAMPIONATO DE ESPAÑA ABSOLUTO DE JUDO.

O Pavillón Municipal Casa do deporte en Lugo foi o escenario da Fase Sector Oeste do Campionato de España Absoluto de Judo, categoría masculina e feminina, que organizou a Federación Galega cunha participación de aproximadamente 90 judokas de Galicia, Castela-León, Cantabria e Asturias.

A Selección Galega callou unha brillante actuación e dominou con superioridade a todos os seus rivais ao lograr 11 dos 14 ouros posibles (cifra de ouros que marca un novo record histórico para a nosa selección absoluta) e conseguir clasificar un total VINTETRÉS judokas (13 do equipo feminino e 10 do equipo masculino), neste sector que unidos a Miguel Romero Azpitarte do Club Famu de Vigo que xa tiña praza directa, fai un total de vinte e catro judokas clasificados.

A selección de Castela León clasificou a 10 judokas mentres que Asturias e Cantabria clasificaron tan só a 6 e 3 judokas respectivamente.

	1º	2º	3º	PUNTOS
GALICIA	11	6	6	79
CAST/LEÓN	1	3	6	20
ASTURIAS	2	3	1	20
CANTABRIA	0	2	1	7

Estes magníficos resultados confirman a consolidación e a supremacía do Judo Galego no sector oeste, os 24 judokas galegos clasificados acudirán á Fase Final que se celebrará en Puertollano os próximos días 5 de marzo, fase na que participarán os 16 mellores judokas de España en cada peso, os primeiros de cada sector e os dous clasificados directos do ranking nacional.